



OFERTA EDUCATIVA 23/24



CASA DAS CIENCIAS



DOMUS



AQUARIUM FINISTERRAE




CASA DAS CIENCIAS PLANETARIO

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES



PLANETARIO DIXITAL

NOVO

Estreamos planetario dixital con novos recursos, maior resolución e imaxes máis reais para viaxar polo universo, trasladarnos ata outros planetas, visitar a Lúa ou subirmos a cometas. Profundaremos na noite estrelada como nunca o fixemos antes.



ASTRONOMÍA EN DIRECTO

Astronomía en directo. Unha sesión de planetario para descubrir os astros que é posible observar na noite estrelada do día da visita. Ademais respondemos ás preguntas do público nunha conversación ilustrada con todos os recursos audiovisuais do planetario.

Duración: 45 minutos
Idade: maiores de 8 anos



POLARIS

Unha aventura científica sobre o misterio da noite polar, na que James, un pingüín turista procedente do polo sur, e Vladimir, un divertido oso do polo norte, atópanse nos xeos do océano Ártico. Xuntos charlan sobre os seus respectivos fogares e contemplan as estrelas, preguntándose por que é tan larga a noite nos polos. Tratan de resolver ese misterio mediante o razoamento e a observación, aplicando o método científico, o que lles conduce a construír un observatorio e unha improvisada nave espacial.

Duración: 30 minutos
Idade: maiores de 7 anos



DINOSAUROS. UNHA HISTORIA DE SUPERVIVENCIA

Unha apaixonante aventura na que a protagonista, Celeste, unha nena curiosa e inquieta, visitará a Terra nun pasado moi remoto, no que verá as fascinantes transformacións que acompañaron os dinosauros durante millóns de anos creando criaturas xigantes, seres acoirazados e súper depredadores, ata o día no que o grande impacto dun meteoro provocou unha extinción masiva na Terra.

Duración: 35 minutos
Idade: maiores de 6 anos



DISPOÑEMOS DOUTROS PROGRAMAS
ADAPTADOS A CALQUERA NIVEL.

< INICIO >



CASA DAS CIENCIAS EXPOSICIÓNS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

< INICIO >



NOVO

EXPLORATORIUM

Novos módulos interactivos para descubrir sucesos sorprendentes, investigar efectos singulares, facerse preguntas e aprender a buscarlles resposta. Vive en primeira persoa fenómenos relacionados co son e a música, a luz, a construción de estruturas, o movemento circular ou as forzas magnéticas.



A ASTRONOMÍA COMO CHA CONTAN

Meteoritos, fósiles de dinosauro, fragmentos dunha nave espacial soviética ou dos paneis do telescopio espacial Hubble forman parte desta exposición sobre a forma en que asimilamos noticias de astronomía a través dos medios de comunicación.



PITIÑOS

A incubadora de ovos da planta baixa renovouse para poder ver o proceso de eclosión do ovo e o nacemento de pitiños de galiña.



PURO SWING

Unha exposición sobre péndulos cos que xogar e aprender a facer música, randearse dun xeito diferente ou sentir no teu corpo as propiedades dos sistemas caóticos. Ademais dunha explicación do funcionamento do famoso botafumeiro.



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS
EXPOSICIÓNS

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

PRÓ
BA
TE

NOVO

UN ÁMBITO EXPOSITIVO
QUE CONVIDA A REFLEXIONAR
SOBRE A VESTIMENTA COMO
FORMA LIBRE DE EXPRESIÓN

Este espazo propón xogar coa propia imaxe probándose diversas pezas, de estética moi variada, e convidando a explorar como nos mostramos ante as demais persoas. Podémosnos observar e sacar un selfie cos espellos e a zona de probador.

Este proxecto é o resultado dunha actividade colaborativa dun grupo de persoas, organizadas en grupos e coa axuda de expertos, para a creación dun módulo museográfico sobre a diversidade. Ademais, o módulo presenta paneis informativos sobre sexo biolóxico, orientación afectivo- sexual e xénero.

PRO

BA

TE

< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS
EXPOSICIÓNS

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

Bocados

UNHA EXPOSICIÓN
SOBRE A NUTRICIÓN
E OS OXECTIVOS DE
DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE

Todas as persoas teñen dereito a unha alimentación adecuada. Por este motivo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU comprométenos para actuar a favor de cambios globais e integrados que permitan poñer fin á fame e á malnutrición antes de 2030. Esta exposición aborda temas que van desde a vida urbana e a educación ata o acceso á auga, a saúde ou a igualdade de xénero. Os ODS son 17 obxectivos que están relacionados, de forma directa ou indirecta, coa nutrición.

Unha boa nutrición constitúe a base para garantir o benestar e o potencial humano. Non é só un produto do desenvolvemento, senón tamén a semente que posibilitará un futuro mellor. O reto é pensar en global e actuar en local para a transformación cara a unha nutrición, e un mundo, máis sostible.

< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS
CINE

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

CLAQUETA CIENTÍFICA

ASÓMATE Á PANTALLA
XIGANTE DA DOMUS!

GRATUÍTO



EXPEDICIÓN ARRECIFE

Embarca nunha viaxe ao redor do mundo oculto dos arrecifes de coral nesta película que explora algúns dos ecosistemas máis biodiversos, e ameazados, do noso planeta. Aprende como desenvolvemos solucións sostibles para protexer estes ecosistemas de vital importancia para o futuro. Polo camiño, descobre como viven, respiran e reproducense os corais, que sustentan unha cuarta parte de toda a vida mariña da Terra e proporcionan beneficios fundamentais ás comunidades humanas no noso mundo en constante cambio.

Unha película da California Academy of Sciences.

Duración: 26 minutos

Versión en inglés con
subtítulos en español.
Nivel educativo: 5º e 6º de
Educación Primaria, Educación
Secundaria, Bacharelato e
Ciclos Formativos



DESCUBRE CON TADEO

Tadeo Jones é un guía ideal, entrañable, divertido e popular que nos mostra o traballo que realizan os centros de investigación en España. O intrépido explorador, protagonista da película de animación de máis recadación da historia do cinema español, viaxará a diversos enclaves nacionais como as covas de Altamira, o Parque Natural de Doñana, a serra de Atapuerca, o Buque de Investigación Oceanográfico ou o Gran Telescopio de Canarias, entre outros.

Duración: 20 minutos

Nivel educativo: Educación
Infantil e ata 4º de
Educación Primaria



INICIO



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS ACTIVIDADES E TALLERES

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

LABORATORIO ABERTO

UN ESPAZO PARA VESTIR A BATA DE LABORATORIO, POÑERSE AS LENTES DE SEGURIDADE E MANEXAR OS INSTRUMENTOS QUE UTILIZAN OS CIENTÍFICOS E AS CIENTÍFICAS NO SEU DÍA A DÍA, DESDE MICROPIPETAS A CENTRIFUGADORAS, PASANDO POR AXITADORES, BÁSCULAS, TUBOS E MOITO MÁIS.

DISECCIÓN EN DIRECTO

Nivel educativo: Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos
Duración: 1 hora

ARTISTAS DA PREHISTORIA

Un taller no que converterse en artista prehistórico e coñecer os materiais, técnicas e temas favoritos dos nosos antepasados.

Duración: 1 hora y media
Nivel educativo: Educación Primaria (3º a 6º) y Educación Secundaria (1º e 2º)

PCR: INVESTIGAMOS A ESCENA DO CRIME

Experimentando coa técnica da PCR (reacción en cadea da polimerasa), o alumnado poderá simular a elaboración de perfís de ADN tal e como se realizan habitualmente nos laboratorios forenses.

Duración: 2 horas e media
Nivel educativo: Bacharelato e Ciclos Formativos

BOCADOS

Un taller para descubrir a nutrición como nunca a viras. Exploraremos os cereais, faremos cociña molecular e aceptaremos o reto dun concurso moi saboroso.

Duración: 1 hora e media
Nivel educativo: 5º de Primaria a 2º de ESO

EXPLORADOMUS ESCOLA

A cociña é un laboratorio de ciencia! Un taller para explorar a ciencia máis próxima.

Duración: 1 hora e media
Nivel educativo: Educación Primaria (1º e 2º)

XPERIMENTA COAS FLORES

Cada estudante realizará a súa propia disección de flores con todo o equipo científico que se utiliza ao investigar a natureza.

Duración: 1 hora
Nivel educativo: 3º a 6º de Primaria

COMO SE DESENVOLVEN OS FÁRMACOS?

Para participar na síntese dun novo fármaco que se está investigando para o Parkinson.

Duración: 2 horas
Nivel educativo: Educación Secundaria (3º e 4º ESO), Bacharelato e Ciclos Formativos



! O ESPAZO MÁXIMO É DE
30 PERSOAS POR TALLER

< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS ACTIVIDADES E TALLERES

AQUARIUM
FINISTERRAE

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES



maker @ domus

O ESPAZO DA DOMUS PARA EXPERIMENTAR A CULTURA MAKER, APRENDER TECNOLOXÍA CON MATERIAIS SINXELOS E SOBRE TODO CON MOITA IMAXINACIÓN. UNHA OPORTUNIDADE ÚNICA PARA «PENSAR COAS MANS».

Impartimos os talleres adaptándoos ás necesidades, coñecementos e habilidades de cada grupo e de cada alumna e alumno.

Ademais destes talleres “listos para usar”, o profesorado interesado noutros talleres ou temáticas concretas pode poñerse en contacto co equipo de maker@domus para estudar outras posibles opcións.

ELECTRÓNICA_TEXTIL@DOMUS

Neste taller o alumnado traballa con materiais novos e sofisticados como fío condutor ou LEDs, para deseñar e construír unha creación que ten elementos de arte, tecnoloxía e artesanía. Durante a actividade poden ir definindo e afinando o aspecto final que terá a súa creación. Para aproveitar mellor o taller, é aconsellable (aínda que non imprescindible) que o alumnado teña uns coñecementos básicos de electricidade.

Martes de 11:00 a 13:00 h.
Duración: 120 minutos
Nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO

CIRCUITOS@DOMUS

Un taller para experimentar con baterías, lámpadas, timbres, interruptores, e moitos outros compoñentes eléctricos. Axuda ao alumnado a comprender o mundo da electricidade, e descubrir como funcionan obxectos cotiáns.

Martes de 11:00 a 12:30 h.
Duración: 90 minutos
Nivel educativo: 5º y 6º de Primaria; 1º y 2º de ESO

AUTÓMATAS_DE_CARTÓN@DOMUS

Deseña e constrúe un mecanismo con levas e seguidores que che pode servir de base para contar unha historia. O taller é un camiño de ida e volta continua entre a historia que queremos contar e o deseño do mecanismo que mellor se adapte ao relato que imaxinas.

Martes de 11:00 a 13:00 h.
Duración: 120 minutos
Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º, 2º, 3º e 4º de ESO



O ESPAZO MÁXIMO É DE
25 PERSOAS POR TALLER

ROBOTS_GARABATEADORES@DOMUS

O taller empeza construíndo un dispositivo móbil baseado nun motor vibrador, que rexistra o seu percorrido sobre a mesa, describindo formas caóticas inesperadas e garabatos increíbles. Un reto é conseguir “domar” o seu funcionamento traballando con pesos e contrapesos, modificando a súa forma e aspecto, o seu equilibrio ou variando calquera outro parámetro físico.

Martes de 11:00 a 12:30 h.
Duración: 90 minutos
Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO



MATERIAIS ESPACIAIS@DOMUS

O alumnado debe elixir o material máis adecuado para empregalo nunha parte dun proxecto espacial. Para iso terá que analizar as propiedades dun conxunto de probetas de materiais. Quizais ningún dos materiais cumpra completamente con todos os requisitos do proxecto, polo que terán que ser creativos e establecer un compromiso valorando cales son as propiedades máis importantes para este proxecto.

Martes de 11:00 a 12:30 h.
Duración: 90 minutos
Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º de ESO

< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRÆ
EXPOSICIÓNS

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

SALA MAREMAGNUM

Ademais de grandes acuarios, contén decenas de elementos museísticos que propoñen experiencias interactivas. Seguimos renovando os seus contidos, como o tanque cilíndrico, o acuario de augas profundas e a **OceanoSfera** (proyector esférico que permite simular fenómenos naturais a escala planetaria).



REMA CONNOSCO!

... AXÚDANOS A RENOVAR OS CONTIDOS DA SALA MAREMAGNUM.

Queremos responder ao interese do alumnado sobre a crise ambiental que estamos a vivir, especialmente no que afecta o mundo mariño, e necesitamos as vosas preguntas. O profesorado que aborde estes temas na aula e nos entregue as preguntas do seu alumnado recibirá un póster do Aquarium Finisterræe.

Fotografías da natureza 2023

NOVO

SALA ISABEL CASTELO

FOTOGRAFÍAS DA NATUREZA 2023

Contén as fotografías galardoada na última edición do concurso «GDT European Wildlife Photographer of the Year». O seu obxectivo é contribuír a incrementar a conciencia e o interese por preservar a natureza, así como o sentido de responsabilidade cara ao medio ambiente, en especial entre o público escolar.

SALA HUMBOLDT

SEXO AZUL

Presenta unha selección curiosa e divertida de especies que representan a variedade de estratexias reprodutivas dos animais acuáticos. Está formada por 20 módulos que inclúen dez acuarios nos que se mostran peces e invertebrados mariños especialmente elixidos.



< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE
EXPOSICIÓNS

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

SALA NAUTILUS

Está mergullada nunha gran piscina de cinco millóns de litros de capacidade e a súa decoración lembra a do gabinete do capitán Nemo a bordo do Nautilus. Ao redor da sala nadan os peixes de maior tamaño do acuario, como as quenllas, corvinas, seriolas, douradas, robalizas e meros. Tamén hai bancos de xardas e xurelos.



CORREDOR LÓPEZ SEOANE

Contén exposicións fotográficas sobre Historia Natural cuxo contido cambia periodicamente. Comezamos o curso cunha exposición fotográfica titulada «Avistamentos atlánticos», sobre os cetáceos máis frecuentes das nosas costas. Será substituída por unha exposición sobre anfibios galegos; os anfibios son o grupo zoolóxico máis ameazado do planeta.



EXTERIORES

Aquí atópase a áncora do petroleiro Mar Exeo, que o 3 de decembro de 1992 encallou fronte á Torre de Hércules e provocou unha marea negra; e nas piscinas vive unha colonia de doce individuos de *Phoca vitulina*.

< INICIO >



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM FINISTERRAE ACTIVIDADES E TALLERES

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES



ITINERARIOS XERAIS

Os grupos escolares poderán reservar unha visita libre ao Aquarium ou complementala con algún dos nosos itinerarios e talleres.

MUNDO SUBMARINO

Os grupos poderán iniciar a súa visita cun itinerario polos acuarios da sala Maremagnum e rematar cunha visita á sala Nautilus.

Duración: 90 minutos
Nivel educativo: Educación Primaria

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO



SE O GRUPO SE ATRASA MÁIS DE 15 MINUTOS NA HORA DE CHEGADA, PERDE A OPCIÓN DE REALIZAR O ITINERARIO ESCOLLIDO.



VEÑEN OS PEQUES

Os grupos terán a posibilidade de reservar unha visita guiada, e adaptada ao seu nivel, polos nosos espazos expositivos.

Duración: 90 minutos
Nivel educativo: Educación Infantil

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO



VIAXE AO NAUTILUS

Os grupos poderán complementar a súa visita cunha charla sobre as especies que habitan o maior tanque do acuario.

Duración: 45 minutos
Nivel educativo: Educación Secundaria e Bacharelato

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO

INICIO



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM FINISTERRAE ACTIVIDADES E TALLERES

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES



ITINERARIOS TEMÁTICOS



SE O GRUPO SE ATRASA MÁIS DE 15 MINUTOS NA
HORA DE CHEGADA, PERDE A OPCIÓN DE REALIZAR
O ITINERARIO ESCOLLIDO.



REPRODUCIRSE BAIXO O MAR

Os grupos poderán complementar a súa visita cun itinerario sobre os variados procesos de reprodución que empregan as especies mariñas; centrarémonos nas que mantemos na exposición "Sexo Azul".

Duración: 45 minutos
Nivel educativo: Educación Secundaria e Bacharelato

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO



VISITA «20.000 LEGUAS DE VIAXE SUBMARINA»

Está dirixida só a Clubs de Lectura que programen a famosa novela de Julio Verne entre as súas lecturas. Recibirán unha charla de contextualización e descrición do Gabinete do Capitán Nemo e da Sala Nautilus.

Duración: 30 minutos
Nivel educativo: Todos os niveis educativos

GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO



BIODIVERSIDADE

Os grupos realizarán un itinerario pola sala Maremagnum mentres complementan a súa visita cunha charla sobre a biodiversidade e algúns dos conceptos máis importantes relacionados a través dos módulos e especies que mantemos en exposición.

Duración: 45 minutos
Nivel educativo: Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO



SINAIS DE ALARMA

Os grupos realizarán un itinerario pola sala Maremagnum mentres complementan a súa visita cunha charla sobre algúns dos cambios ambientais que están a sufrir os océanos e que ameazan as especies que os habitan.

Duración: 45 minutos
Nivel educativo: Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato

GRUPOS DE 50 PERSOAS COMO MÁXIMO

INICIO



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE
**ACTIVIDADES
E TALLERES**

INFORMACIÓN
VISITAS ESCOLARES

TALLERES



TIBURÓNS Á VISTA

Preséntanse aspectos curiosos da bioloxía dos tiburóns, dos peixes e dos invertebrados mariños do Aquarium Finisterrae.

Duración: 30 minutos
Nivel educativo: todos os niveis educativos



AS FOCAS DO ACUARIO

Coincidindo co momento en que se lles dá de comer ás focas, impártense charlas sobre as características destes mamíferos mariños e sobre o seu adestramento.

Duración: 30 minutos
Nivel educativo: todos os niveis educativos

INICIO



GRUPOS DE 25 PERSOAS COMO MÁXIMO



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE

VISITAS ESCOLARES **NORMAS XERAIS**

PREZOS

COMO RESERVAR

- AO ACCEDER AO MUSEO, A PERSOA RESPONSABLE DO GRUPO DIRIXIRASE Á RECEPCIÓN PARA ORGANIZAR A VISITA. MENTRES TANTO, O GRUPO DEBERÁ PERMANECER NO EXTERIOR OU NO ESPAZO INDICADO POLO PERSOAL DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.
- O PERSOAL DOCENTE ACOMPAÑANTE SERÁ O RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE VISITA AOS MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES.

< INICIO >





CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS


AQUARIUM
FINISTERRAE

VISITAS ESCOLARES PREZOS

NORMAS XERAIS

COMO RESERVAR

TARIFA VISITAS	CONDICIÓNS	CENTRO	PREZO
COTA ESPECIAL	Só para grupos con reserva previa nalgún destes casos: A Coruña Grupos de centros educativos do Concello da Coruña. Xaneiro + Febreiro Grupos que nos visiten nos dous primeiros meses do ano. Amigos Se o centro escolar é socio da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias.	Casa das Ciencias Planetario Domus Aquarium Finisterrae	0 € 0 € 0 € 0 €
TARIFA REDUCIDA	Os grupos escolares sen cota especial, pero con reserva. * Se se visitan os tres museos o mesmo día, a sesión de planetario é gratis	Casa das Ciencias Planetario Domus Aquarium Finisterrae	1 € 1 €* 1 € 4 €
GRATIS TOTAL	En ningún caso pagan entrada. O profesorado , se acompaña a un grupo escolar ou se van debidamente acreditados. O alumnado con discapacidade física e psíquicas . Os grupos nos que o profesorado asista a unha reunión de preparación da visita. Menores de 4 anos.	Casa das Ciencias Planetario Domus Aquarium Finisterrae	0 € 0 € 0 € 0 €



CASA DAS
CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE

VISITAS ESCOLARES COMO RESERVAR

NORMAS XERAIS

PREZOS

1

Escolle as visitas e/ou actividades que queres levar a cabo co teu grupo escolar nos Museos Científicos Coruñeses.

2

Enche a folla de reserva que podes descargar nesta páxina.

↓ Folla reserva (galego)

↓ Folla reserva (castelán)

3

Envíanos a folla de reserva correspondente cuberta a:

✉ reservas@casaciencias.org



A RESERVA SÓ QUEDARÁ FORMALIZADA CANDO COMUNIQUEMOS A CONFIRMACIÓN DO NÚMERO EXACTO DE PRAZAS RESERVADAS, A DATA OU DATAS DE VISITA E O PROGRAMA DETALLADO.



MÁIS INFORMACIÓN

✉ reservas@casaciencias.org

☎ 981 189 848